

GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA (GIPED)

(RESUMO INVESTIGACIÓN 2010-15)

O Grupo de Investigación en Psicología Educativa (GIPED) da Universidade da Coruña está integrado por oito membros e dous colaboradores externos. Dos oito membros, cinco son PDI da UDC (todos eles doutores) e una contratada FPU. Hai outros dous membros do grupo que son profesores de Primaria, un dos cales defendeu a súa tese de doutoramento a finais do 2014 e a outra está previsto que a defenda a principios de 2016. Ademais, o grupo conta con dous colaboradores externos: o Prof. Dr. José Carlos Núñez (Catedrático de Psicología Evolutiva e da Educación da Universidade de Oviedo) e o Prof. Dr. Pedro Rosário (Profesor Titular de Psicología da Educación da Universidade de Minho, Portugal).

As principais liñas de investigación do grupo céntranse no estudo das variables motivacionais, as estratexias de aprendizaxe, os deberes escolares e a aprendizaxe autorregulada. Dende hai varios anos, este grupo de investigación leva colaborando estreitamente con varios grupos de investigación doutras universidades (Oviedo, Santiago de Compostela, Minho, etc), materializándose nun amplo número de publicacións conxuntas, na participación en varios proxectos de investigación e na co-dirección de teses de doutoramento. Ademais, esta colaboración con outros grupos amplíouse no último ano mediante a incorporación do Grupo de Investigación en Psicología Educativa (GIPED) na Rede de Investigación RIES (Rede de Inmigración, Educación e Sociedade), un proxecto de traballo en rede no que están implicados sete grupos de investigación das tres universidades galegas e que está financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e cuxo coordinador é o Prof. Dr. Miguel A. Santos Rego (Catedrático de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Santiago de Compostela).

Dende o ano 2010 ata o 2015, a produción científica do Grupo de Investigación en Psicología Educativa (GIPED) pódese resumir nas seguintes apartacións:

- Participación en 3 proxectos competitivos (dous de ámbito nacional e outro autonómico). Ademais, do 2015 ao 2017 o Grupo de Investigación en Psicología Educativa recibe financiación como Grupo de Potencial Crecemento dentro das

Axudas para a Consolidación e Estructuración de Unidades de Investigación Competitivas do Sistema Universitario de Galicia (DOG: 30/09/2015).

- 42 artigos publicados en revistas científicas, dos cales 30 deles están en revistas indexadas en JCR.
- 6 libros e 6 capítulos de libros publicados.
- 4 teses de doutoramento dirixidas e defendidas durante este período.
- Participación en 17 congresos internacionais.
- 6 sexenios de investigación (sen contabilizar aos colaboradores externos)

Dentro dos indicadores xerais de calidade da produción científica, hai que destacar que o coordinador do grupo de investigación (Prof. Dr. Antonio Valle Arias) ten os seguintes índices:

- *ResearcherID*: Publicacións en revistas indexadas en JCR: 51. Citas totais: 462. Promedio de citas por artigo: 9,06. Índice *h*: 14. (Código ResearcherID: A-6776-2013. Enlace: <http://www.researcherid.com/rid/A-6776-2013>)
- *Scopus ID*: Documentos: 58; Citas totais: 688; Índice *h*: 16. (Scopus Author ID: 7006100028. Enlace: <http://www.scopus.com/authid/detail.url?authorId=7006100028>)
- *Citas Google Académico*: Citas totais: 3100, Índice *h*: 30. (Enlace: <http://scholar.google.es/citations?user=WvLw7KwAAAAJ&hl=es>)
- *Código Orcid*: 0000-0001-8160-9181 (Enlace: <http://orcid.org/0000-0001-8160-9181>)

Tamén hai que sinalar que no ano 2014, un dos membros do grupo (Bibiana Regueiro Fernández) realizou unha estada de cinco meses de duración na Escola de Psicoloxía da Universidade de Minho, baixo a supervisión do Prof. Dr. Pedro Rosário (Coordinador do Grupo Universitario de Investigación en Autorregulación da Universidade de Minho). Esta estada foi financiada dentro da Convocatoria para Axudas Predoutorais INDITEX-Universidade da Coruña 2014 (Resolución Reitoral do 29 de xullo de 2014). Ademais, no ano 2014 tamén lle foi concedida a Bibiana Regueiro Fernández unha bolsa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para realizar unha estada de dous meses (outubro e novembro de 2015) na *School of Education* da *Johns Hopkins University (EE.UU.)*, baixo a supervisión da Prof. Dra. Joyce L. Epstein, Directora do *Center on School, Family, and Community Partnerships* e do *National Network of Partnership Schools (NNPS)*.